

# novas en **branco e negro**

**Bo Nadal !!**



Número 26 • Decembro 2006



XXVIII Concurso Nacional da Raza Frisona **Conafe '06"**

XI Concurso Frisón **Becerra Selecta 2006**

XV Concurso Frisón **Chantada 2006**

2ª Escola de **Xóvenes Manexadores**

XX Escola de **Xuíces Gandeiros** Fefriga '06

**Mellores explotacións** de Galicia por ICO

Infestación por **Neospora**

**Vacas estrela**

Novas e **Axenda 2007**





**XENÉTICA FONTAO**

**OS TEUS TOUROS,  
A TÚA XENÉTICA**



**Botafogo**





Se a estas alturas, calquera de nós tiveramos que facer unha valoración do que foi o ano 2006 para os gandeiros, estou seguro que, aínda que coas lóxicas diferencias, (según como nos fora a nivel particular), coincidiríamos en atopar elementos comúns máis que suficientes para non poder sentirnos plenamente satisfeitos. *“O precio do leite aínda que mellorou nos últimos meses, dista aínda do que consideramos xusto; a proposta da Comisaria Fisher de adiantar a desaparición das cotas (e con elas, o diñeiro que invertimos na súa compra) volve xerar incertidume sobre como debemos ou podemos afrontar o futuro; O novo Plan Lácteo que non parece que vaia satisfacer a ninguén, etc.”*, en fin, ... que 2006 podería ter sido para os gandeiros un ano como tantos outros.

Digo podería ter sido, porque, ás dificultades e situacións coiunturais inherentes á nosa actividade, ás que os gandeiros como profesionais que somos, estamos acostumados a facer fronte, 2006 déixanos unha situación nova e preocupante, a aparición e proliferación da “Lengua Azul” na maior parte dos países Europeos, co agravante de que moitos deles suministran regularmente animais ós nosos gandeiros corisco que é o supón de transmisión desta enfermidade (ou outras) a nosa cabaña.

Non pretendo, nin moito menos, amolar estas festas a ninguén, pero si penso que esta situación debe de facernos reflexionar, e quizais cambiar, a maneira que temos de producir e facer gandería. Galicia, con máis de 185.000 reproductoras, inscritas no Libro Xenealóxico, un Centro de Inseminación que pón en testaxe a máis de 50 touros ó ano, unha Unidade de Transferencia Embrionaria que traballa coas mellores familias de vacas existentes, non pode nin debe, sanitaria e economicamente falando, continuar dependendo da xenética foránea, por elo, o meu desexo para 2007, é que os criadores de Frisón da nosa Comunidade, seamos capaces de valorar, aproveitar e rendibilizar ó máximo o potencial e recursos xenéticos dos que hoxe, e tras longos anos de traballo, afortunadamente dispoñemos.

Con este reto para todos, deséxovos estimados amigos, un **Bo Nadal e Aninovo**

## sumario

XXVIII Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe '06" .....	4
XX Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga '06 .....	7
XI Concurso Frisón Becerra Selecta 2006 .....	10
XV Concurso Frisón Chantada 2006 .....	11
2ª Escola de Xóvenes Manexadores .....	12
Mellores explotacións de Galicia por ICO .....	14
Enfermidades que nos preocupan	
Infestación por Neospora .....	16
Vacas estrela .....	20
Novas .....	21
Libro xenealóxico; Lotes de embrións; Xornadas científicas; Axenda 2007	

Editado por:

**FEDERACIÓN FRISONA GALEGA**  
R/ Melide, 25-27 - baixo  
15705 Santiago de Compostela  
A Coruña • España

Tel./Fax: +34 981 573 879  
+34 981 573 775

e-mail: [feffriga@feffriga.com](mailto:feffriga@feffriga.com)  
Web: [www.feffriga.com](http://www.feffriga.com)

Director: Francesc X. Grau  
D.L.G.: PO-187-99

#### Xunta Directiva

Presidente: Luis Seoane Labandeira  
Vicepresidente: José Manuel López Tellado  
Secretario: Rafael Méndez Guerra  
Tesoureiro: Juan Álvarez Losada  
Interventor: Álvaro José Castro Fernández  
Vocais: Francisco Manuel Penabaz Pita  
Antonio Pérez Castro  
José Manuel Mandriñán Castro



# XXVIII

## Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe 06

Un ano máis, e durante os días 30 de Setembro e 1 de Outubro celebrouse na cidade de Xixón, o XXVIII Concurso Nacional de la Raza Frisona Conafe '06, no que participaron un total de 212 animais, procedentes de 8 Comunidades Autónomas. Nesta ocasión Galicia tamén estivo presente con un stand e estes 18 extraordinarios exemplares.

Animais participantes de Galicia



Sec. 1: Pozo Jocko Besn Blanca  
Casa Pozo – Saa – Lugo



Sec. 1: Capon Gibson Larisa  
Casa Capón – Chantada – Lugo



Sec. 2: GanadPozo Champ.Madia 9174  
Casa Pozo – Saa – Lugo



Sec. 2: O Palomar Lanki Champion  
SAT O Palomar – Láncara – Lugo



Sec. 3: Caneda Cara Roy  
Casa Caneda – Boqueixón – A Coruña



Sec. 4: Cid Gibson Maria  
Gandería Cid, S.C. – Barreiros - Lugo



Sec. 5: Veigueiro September Parrula  
Veigueiro S.C..Galega – Barreiros – Lugo



Sec. 6: Pozo Lyster 9376  
Casa Pozo – Saa – Lugo



Sec. 6: Capon Lee Sol  
Casa Capon – Chantada – Lugo



## VII Concurso Nacional de manejadores

Campeón Nacional Senior de Manejadores Conafe 06

**D. Diego Cando Santos** (Gand. Cando e Santos – A Pastoriza – Lugo).



## Ganderías galegas participantes:

CASA CANEDA	BOQUEIXON (CO)
GANDEIRIA VILARMOR S.C.	ORTIGUEIRA (CO)
GRANXA CAXIGUEIRA	ORTIGUEIRA (CO)
VEIGUEIRO S. C. GALEGA	BARREIROS (LU)
SC GANDEIRIA CID	BARREIROS (LU)
S.A.T. SANDAMIL	CASTRO DE REI (LU)
OUTEIRO, C.B.	CHANTADA (LU)
CASA CAPON	CHANTADA (LU)
S.A.T. O PALOMAR	LANCARA (LU)
CASA POZO	LUGO (LU)
CASA DE BAIXO	SARRIÁ (LU)
C. IGLESIAS CARREIRA	TRABADA (LU)

## Premios obtidos:

- Sec. 11 **2ª ANIBAL CHAMPION ALELUYA IV**
- Sec. 5 **3ª VEIGUEIRO SEPTEMBER PARRULA**
- Sec. 6 **3ª POZO LYSTER 9376**
- Sec. 13 **3ª 0097 BAIXO STORMATIC GISELA**
- Sec. 13 **5ª AGRORTEGAL BETUCA ROY**



Sec. 10: Carlos Lyster Nadya  
Carlos Iglesias – Trabada – Lugo



Sec. 11: Outeiro Lheros Bonarda  
Outeiro, C.B. – Chantada – Lugo



Sec. 11: Anibal Champion Aleluya IV  
Gandería Cid, S.C. – Barreiros – Lugo



Sec. 12: Agrortegal Sandina Roy  
Granxa Caxigueira – Ortigueira – A Coruña



Sec. 12: Vilarmor Leduc Talia 4403  
Gand. Vilarmor, S.C. – Ortigueira – A Coruña



Sec. 13: 0097 Baixo Stormatic Gisela  
Casa de Baixo – Sarria – Lugo



Sec. 13: Agrortegal Betuca Roy  
Granxa Caxigueira – Ortigueira – A Coruña



Sec. 14: J.J. Freijoo Lyster 1943 Mayra  
SAT Sandamil – Castro de Rei – Lugo



Sec. 14: Agrortegal Goleta Progress  
Granxa Caxigueira – Ortigueira – A Coruña



# GALERÍA CONAFE 2006







# XX ESCOLA DE XUÍCES GANDEIROS FEFRIGA '06

Durante os días 26 ó 28 de Xullo, organizada por Fefriga e Africor-Coruña e coa participación de máis de 100 alumnos, celebrouse, en diversas ganderías de A Coruña a XX Escola de Xuices Fefriga '06.

Dende esta páxina queremos dar as grazas a Jaume Serrabassa e a Gabriel Blanco pola extraordinaria labor que realizaron como profesores, ós gandeiros que cos seus animais e explotacións fixeron posible a celebración desta interesante e instructiva Escola, a Africor-Coruña e ó seu persoal técnico polo excelente traballo realizado na preparación, doma e presentación dos animais en pista, así como a todos os alumnos participantes polo interese e profesionalidade demostrada ó longo de toda a Escola. A todos, ¡¡moitas grazas!!.





GANDERÍA CABANAS. SANTIAGO



UGASMA. BOIMORTO



FINCA LA ASUNCION. TOURO



BRAÑA SALGUEIRO SAT e ESPERANTE CAAMAÑO SC. MAZARICOS



SAT FONTECOBA XUGA. SANTA COMBA







LANDEIRA SOC. COOP. GALEGA. NEGREIRA



U.T.E. BOS. BERGONDO



## Títulos "A"

ODÓN CASTRO DÍAZ

DAVID CASTRO RODRÍGUEZ

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

## Títulos "B"

JOSÉ MANUEL SOUTO LÓPEZ

JOSE MANUEL BAHAMONDE NOVO

JOSÉ ALBERTO IGLESIA VILA

ANDRÉS DE LA FUENTE PINTOR

RAMÓN BODELO PICHEL

ESTEFANÍA SEIJAS ACOSTA

LUIS MIGUEL ROÇA V. MOTA

MARTÍN PRIETO RODRÍGUEZ

LANDER ECHEVARRIETA ARDEO

PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ

JOSÉ TABOADA LÓPEZ

ANA M<sup>a</sup> SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

VÍCTOR LÓPEZ FERNÁNDEZ

ESTEBAN GESTOSO BELLO

JOSÉ M<sup>a</sup> PÉREZ GARCÍA

JOSÉ ÁNGEL PÉREZ VIÑA

LUISA IGLESIA GESTO

JOÃO FILIPE CAETANO MENDES

JOSE LUIS MEIJOME BLANCO

JAVIER MEIJOME BLANCO

JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ ALMALLO

ADRIAN FERREIRO VIEITO

MARCOS RODRIGUEZ GONZÁLEZ

DAVID GARCÍA LÁZARA

FERNANDO CASTRO SEBIO



# XI Concurso Frisón Becerra Selecta 2006

**A Estrada, Pontevedra, 3 de Setembro**

Xuíz: D. Roberto Saiz Rio (Xuíz Nacional de Conafe) • Animais participantes: 85 • Ganderías participantes: 24

## Becerras ata 6 meses

**1ª) Arca Landoi Pichona** (Gand. Arca - Forcarei)

## Becerras de 6 a 10 meses

**1ª) Pereira Canabal Zarzo Xineta** (Gand. Pereira - Forcarei)

**Becerra Campiona**

## Becerras de 10 a 14 meses

**1ª) Las Camelias Lerez Pitufa** (Las Camelias - A Estrada)

**Becerra Subcampiona**

## Xovencas de 14 a 18 meses

**1ª) Doyle Fire Maura** (Gand. Doyle - A Estrada)

**Xovenca Campiona**

**XOVENCA GRAN CAMPIONA**

## Xovencas de 18 a 22 meses

**1ª) Arca Marshall Jacinta** (Gand. Arca - Forcarei)

## Xovencas de máis de 22 meses

**1ª) Casimiro Loio Princesa** (Gand. Casimiro - Forcarei)

**Xovenca Subcampiona**

## Mellor Criador Becerra Selecta

**1º) Gand. PEREIRA – Forcarei**

**2º) Gand. CASIMIRO – Forcarei**

## CONCURSO XÓVENES MANEXADORES

### Sección 1 - Menores de 10 anos

**Martín Rey Iglesias**

**Lucía Gañete Vidal**

**Juan Eduardo Rodríguez Caramés**

**Manuel Fuentes Correa**

### Sección 2 - De 10 a 14 anos

**1º) Rubén Rey Iglesias**

**2º) Diego Gañete Vidal**

**3º) Adrián Conde Taboada**



**Pereira Canabal Zarzo Xineta**  
BECERRA CAMPIONA



**Doyle Fire Maura**  
XOVENCA CAMPIONA



# XV Concurso Frisón Chantada '06

**Chantada, Lugo, 29 de Outubro**

**Xuíz:** D. Francisco Javier Freije Freije (Xuíz Nacional de Conafe) • **Ganderías participantes:** 41 • **Animais participantes:** 114

## Xatas ata 8 meses

**1ª) Mantoño Astronomical Morela** (Mantoño H. - Barreiros)

## Xatas de 8 a 10 meses

**1ª) Mantoño September Mara** (Mantoño Holstein - Barreiros)

Xata Subcampiona

## Xatas de 11 a 13 meses

**1ª) Ganadpozo Champ. Madia 9174 ET** (Pozo - Lugo)

**XATA CAMPIONA**

**GRAN CAMPIONA DE XOVENCAS**

## Xatas de 14 a 16 meses

**1ª) B. Rubens Federica** (Antonio Lopez - Chantada)

## Xovenkas de 17 a 19 meses

**1ª) Cid Gibson Maria** (Cid - Barreiros)

**XOVENCA CAMPIONA**

## Xovenkas de 20 a 22 meses

**1ª) Rey 389 Rosalia Outside** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

## Xovenkas de 23 a 26 meses

**1ª) Rey 380 Galletera Lee** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Xovenca Subcampiona

## Vacas en Lactación ata 30 meses

**1ª) Gracoza Gibson Fiona** (Gracoza - Cospeito)

## Vacas en lactación de 31 a 35 meses

**1ª) Anibal Champion Aleluya IV** (Cid - Barreiros)

**VACA NOVA CAMPIONA**

**2ª) Outeiro Lheros Bonarda** (Outeiro - Chantada)

Vaca Nova Subcampiona

## Vacas en lactación de 3 a 4 anos

**1ª) Mantoño James Claudina** (Mantoño Holstein - Barreiros)

Vaca Intermedia Subcampiona

## Vacas en lactación de 4 a 5 anos

**1ª) J.J. Freijoo Lyster 1943 Mayra** (Sandamil - Castro de Rei)

**INTERMEDIA CAMPIONA • GRAN CAMPIONA DE VACAS**

## Vacas en lactación de 5 a 6 anos

**1ª) Rockett** (Cid - Barreiros)

**VACA ADULTA CAMPIONA**

**2ª) Rita 480 1480** (Blanco - Lalín - PO)

Vaca Adulta Subcampiona

## Vacas en lactación de máis de 6 anos

**1ª) Seixo Wade Rita** (Pozo - Lugo)

## Mellor Criador

**1º) MANTOÑO - Barreiros**

**2º) SAT CAVADAS - Xermade**

## Mellor Rabaño

**1º) MANTOÑO - Barreiros**

**2º) POZO - Lugo**

## CONCURSO XÓVENES MANEXADORES

### Sección 1 - De 15 a 18 anos

**1º) Roi Capón** (Capón - Chantada)

**2º) Ivan Ferreiros** (Casa Grande - A Pastoriza)

**3º) Diego Cando** (Cando e Santos - A Pastoriza)

### Sección 2 - De 10 a 14 anos

**1º) José Alberto Iglesia** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

**2º) Águeda Capón** (Capón - Chantada)

**3º) David de la Torre** (Tato - Chantada)

### Sección 3 - Ata 9 anos

**Adrián Viana** (Raxino - Chantada)

**Avelino Souto** (Midón - Lalín)

**Brais Pereira** (José Luis - Chantada)

**Jorge Cuñarro** (Capón - Chantada)

**Marcos Osorio** (Fontestriz - Chantada)

**Pablo Martínez** (Perrelos - Taboada)

## CONCURSO MANEXADORES ADULTOS

**1º) Victor López** (Antonio López - Chantada)

**2º) Odón Castro** (O Palomar - Láncara)



**Ganadpozo Champ. Madia 9174 ET - XOVENCA GRAN CAMPIONA**



**J.J. Freijoo Lyster 1943 Mayra VACA GRAN CAMPIONA**



# II CURSO DE XÓVENES MANEXADORES FEFRIGA '06



equipo 1; Roi Capón Fernández e Roberto López Campello



equipo 2; Marcos López Abad e Águeda Capón Fernández



equipo 3; Iván López López e Iván Ferreiros Señor



Roi Capón – Mellor Manexador

Co obxectivo de profundizar na formación e autoestima dos nosos xóvenes gandeiros e á vez estimular o seu interese polos traballos da selección e mellora da Raza, a Federación Frisona Galega organizou, nas instalacións da Finca de Bos, durante os días 4 ó 8 de setembro a II Escola de Xóvenes Manexadores. O curso foi dirixido polo especialista canadense Sr. Marc Drapeau e os técnicos Sres Javier Álvarez, Ivan e Bonet Cid, Odón Castro e Pedro Saavedra.

Durante o mesmo, realizáronse prácticas de:

- Selección de animais: avaliación da morfoloxía, funcionalidade e desenrolo dacordo coa idade dos animais.
- Alimentación: Selección de forraxes máis idóneos, cálculo das racións necesarias dacordo a súa idade e desenrolo, suministro de alimento, etc...
- Doma: Técnicas empregadas na doma de animais así como precaucións e medidas de seguridade (tanto para o manexador como para o propio animal) que se deben de observar á hora de realizar este traballo.
- Preparación: Prácticas sobre todo o concerninte á preparación de animais para exposicións, Concursos ou vendas (lavado, arranxo de pezuñas, etc...)
- Pelado: Técnicas a seguir para o pelado de animais así como material necesario.
- Exposición: Prácticas sobre preparación e mantemento das prazas que han de ocupalos animais nunha exposición (camas, decoración, etc...)
- Presentación en Pista: Prácticas sobre técnicas e conducta a observar polos manexadores durante a presentación de animais nunha pista de Concurso.
- Equipamento e material: prácticas sobre a preparación e mantemento dos equipos e material necesarios para a preparación e presentación de gando (máquinas de pelar, ferramentas, roupas e calzado de traballo, etc...)

A fin de que os alumnos poidan poñer en práctica nas súas explotacións as ensinanzas impartidas, ó finalzalo curso, entregóuselles todo o material por eles empregado ó longo do mesmo.

Para a realización das actividades programadas, os alumnos foron agrupados por equipos de 2 persoas, asignando a cada equipo 4 animais cos que realizaron, -baixo a experta dirección dos seus monitores, -as prácticas de lavado, alimentación, doma, pelado, exposición e presentación en pista. A pesar do



equipo 4; Estefanía Seijas Acosta e Aitor López Zolle



equipo 5; Joaquín Díaz Gómez e Manuel Peteiro Fernández



Iván Ferreiros e Iván López – Mellor Equipo



Águeda Capón – Mellor Preparadora



## 2ª ESCOLA DE XÓVENES MANEXADORES

apretado do programa e da duración das xornadas, os alumnos demostraron en todo momento gran interese, e dedicación realizando un traballo digno de auténticos profesionais.

Como colofón da Escola celebráronse os Concursos de Stands, Preparación de Animáis e Manexo en Pista. O premio ó Mellor Stand conseguíuno o equipo nº 3 formado por Iván Ferreiros Señor e Iván López López.

O premio de Mellor Preparador de animáis foi para Roi Capón Fernández e o de Mellor Manexador foi para Águeda Capón Fernández.

Igualmente sorteáronse entre os alumnos 2 lotes de dous embrións, que corresponderon a Roberto López Campello de Casa Pernas (Bos Lee Londreta x Ladino Park Talent) e a Roi Capón Fernández, de Casa Capón (Bos Progress Golada x Roylane Jordan ET).





# Mellores Explotacións

A modo de información a todo-os socios en xeral e como promoción das propias ganderías, Branco e Negro publicará despois de cada avaliación xenética, a relación das mellores explotacións de Galicia por Índices Xenéticos (ICO). Para ser publicadas, as explotacións deben de reunir as condicións seguintes:

- O rabaño debe ter un mínimo de 17 reproductoras.
- Esixirase un mínimo do 75% de animais valorados (valorados ICO), sobre reproductoras rexistradas de máis de 36 meses, co fin de obter rabaños representativos.
- O ICO medio do rabaño debe ser igual ou superior a 1.100.

GANDERIA	LOCALIDADE (PROV)	ICO	Kg./L	Kg./G	% G	Kg./P.	% P.	IPP	ICU	IGT	RCS
UTE DE BOS	BERGONDO (C)	+1602	493	13	-0,05	15	-0,01	0,64	1,20	1,36	99
GRACOZA P-48	COSPEITO (LU)	+1458	333	10	-0,02	12	0,02	0,92	0,75	0,99	100
PERRELOS	TABOADA (LU)	+1408	310	11	-0,01	11	0,01	0,75	0,81	0,92	99
S.A.T. CASA MENOR 1017 XUGA	BOIMORTO (C)	+1390	397	13	-0,01	14	0,01	0,36	0,68	0,64	100
CASA CHICHO	CASTRO DE REI (LU)	+1387	313	13	0,02	18	0,09	0,36	0,35	0,59	99
CASA CANEDA	BOQUEIXON (C)	+1362	325	11	-0,01	7	-0,04	0,88	0,79	1,20	101
S.A.T. CASA CAETANO	COSPEITO (LU)	+1348	349	9	-0,04	10	-0,01	0,57	0,77	0,80	103
COBELO	A PASTORIZA (LU)	+1341	304	12	0,01	14	0,05	0,37	0,46	0,58	102
CASA POLVOREIRO	SAMOS (LU)	+1327	198	22	0,17	18	0,14	0,28	0,11	0,05	99
S.A.T. O VILAR Nº 1002 XUGA	A PASTORIZA (LU)	+1326	296	13	0,02	15	0,06	0,41	0,31	0,57	99
OS CASTROS	VIMIANZO (C)	+1325	315	9	-0,03	8	-0,03	0,59	0,83	0,86	102
PUMAR DE BUXAN	VAL DO DUBRA (C)	+1321	326	9	-0,03	8	-0,03	0,54	0,82	0,89	102
PORTALOUSA	XERMADE (LU)	+1308	362	10	-0,03	10	-0,01	0,38	0,65	0,85	98
S.A.T. GRANDE	RIBADEO (LU)	+1307	196	6	-0,01	5	-0,02	0,91	0,89	1,05	102
S.A.T. VILAR-ALAXE	CASTRO DE REI (LU)	+1290	289	11	0,01	9	0,00	0,49	0,64	0,82	102
CASA DE BAIXO	SARRIA (LU)	+1289	173	11	0,05	8	0,03	0,74	0,58	0,79	101
OUTEIRO,C.B.	CHANTADA (LU)	+1288	129	8	0,04	7	0,03	0,64	0,94	1,13	98
CASA DOS VENCES	RODEIRO (PO)	+1288	204	16	0,10	11	0,05	0,34	0,44	0,50	103
VILASUSO SDAD.COOP.GALEGA	A CAPELA (C)	+1262	263	12	0,03	9	0,01	0,63	0,58	0,67	99
SC CASTRO	SARRIA (LU)	+1257	440	10	-0,07	12	-0,02	0,34	0,34	0,34	101
S.A.T. CARBALLEIRAS	LALIN (PO)	+1251	194	8	0,01	8	0,02	0,52	0,67	0,79	100
CASA MEILAN	SARRIA (LU)	+1247	183	9	0,03	7	0,01	0,62	0,54	0,59	103
CARBALLO REDONDO	MONFERO (C)	+1244	107	9	0,06	5	0,02	0,75	0,81	0,94	103
GRANXA CAXIGUEIRA	ORTIGUEIRA (C)	+1238	166	5	-0,01	3	-0,02	0,58	1,00	1,11	100
TAMAREDO	CASTROVERDE (LU)	+1238	300	8	-0,03	11	0,01	0,49	0,34	0,58	98
NODI, S.C.	BARREIROS (LU)	+1236	196	7	-0,01	6	-0,01	0,71	0,70	0,90	103
LENZA	POL (LU)	+1236	283	12	0,01	12	0,04	0,37	0,26	0,18	102
S.A.T. ALGRABUSAN	GUNTIN (LU)	+1232	211	7	-0,01	7	0,00	0,44	0,73	0,77	101
CASA DE TOXO, S.C.	ARZUA (C)	+1227	102	17	0,15	12	0,11	0,35	0,29	0,20	99
GANADERIA CAMBON	CARBALLO (C)	+1226	208	12	0,05	9	0,02	0,64	0,41	0,70	102
MANUEL ARIAS DIAZ	O INCIO (LU)	+1225	95	11	0,09	6	0,03	0,43	0,44	0,61	102
CASA NOVA SAT 1021 XUGA	MESIA (C)	+1221	228	4	-0,05	7	-0,01	0,50	0,79	0,60	100
MONTECELO	A PASTORIZA (LU)	+1215	83	15	0,14	14	0,14	0,35	0,12	-0,01	99
GANADERIA FERNANDEZ SANCHEZ,S.C.	CURTIS (C)	+1214	254	7	-0,02	7	-0,01	0,41	0,61	0,68	102
GRANXA VILA	LUGO (LU)	+1210	229	5	-0,04	7	0,00	0,21	0,69	0,85	101
CASA MARTIÑAN	VILALBA (LU)	+1208	374	14	0,00	12	0,00	0,52	0,01	0,12	101
CAVADAS SAT XUGA 941	XERMADE (LU)	+1206	314	5	-0,07	6	-0,05	0,36	0,77	0,82	99
DAMIAN REGUEIRO,S.C.	TRAZO (C)	+1205	140	16	0,12	13	0,10	0,50	0,10	0,05	100
RIOS	SILLEDA (PO)	+1202	74	7	0,05	3	0,01	0,72	0,74	0,90	104
ROSENDE DE SAMEDE	TORDOIA (C)	+1201	229	8	-0,01	8	0,01	0,51	0,61	0,62	101
GANADERIA FORCAO	OUTEIRO DE REI (LU)	+1201	373	7	-0,07	6	-0,06	0,31	0,61	0,66	99
MARUXA	MONTERROSO (LU)	+1200	12	22	0,24	16	0,18	0,16	-0,17	-0,28	100
CONCEPCION GARCIA PAJARO	LALIN (PO)	+1198	199	7	-0,01	5	-0,02	0,35	0,80	0,84	102
GANADERIA VILAFERREIROS,S.C.	MAZARICOS (C)	+1197	240	10	0,02	6	-0,02	0,63	0,58	0,68	102
VIEITES	TRAZO (C)	+1197	145	5	0,00	4	-0,01	0,93	0,76	0,92	100
JULIO PITA MUINELO	CASTRO DE REI (LU)	+1194	186	10	0,03	5	-0,01	0,53	0,59	0,65	104
CASA CANCELA	O CORGO (LU)	+1190	107	15	0,13	11	0,09	0,46	0,20	0,22	100
CASA DE MAMOÁ	PALAS DE REI (LU)	+1188	200	15	0,09	15	0,09	-0,01	0,16	0,07	99
S.A.T. SAN MIGUEL	PALAS DE REI (LU)	+1186	243	10	0,01	10	0,02	0,22	0,37	0,38	100
HNOS. LAMAS C.B.	VILALBA (LU)	+1185	326	13	0,01	9	-0,01	0,21	0,34	0,33	100
S.A.T. PEDROLAS	CASTROVERDE (LU)	+1184	231	10	0,02	11	0,04	0,42	0,12	0,34	98
ERPA	SANTA COMBA (C)	+1184	191	9	0,02	5	-0,02	0,55	0,55	0,80	100
S.A.T. VILLAMAYOR DE NEGRAL	GUNTIN (LU)	+1183	285	8	-0,03	10	0,01	0,03	0,47	0,44	100

de 15 a 75 reproductoras

de 76 a 200 reproductoras

de máis de 201 reproductoras



# de Galicia por ICO (Xullo 2006)

- Non son consideradas, nin publicadas, as ganderías con máis do 5% de reproductoras no Rexistro Auxiliar Categoría "A", sobre o total do censo de reproductoras.
- Nesta lista os rabaños distínguense polo nº de reproductoras do mesmo.

GANDERIA	LOCALIDADE (PROV)	ICO	Kg./L	Kg./G	% G	Kg./P.	% P.	IPP	ICU	IGT	RCS
CABANAS	SANTIAGO (C)	+1182	149	10	0,05	5	0,00	0,62	0,54	0,80	101
S.A.T. MENORA	COSPEITO (LU)	+1182	266	7	-0,03	8	-0,01	0,32	0,40	0,50	99
VEGA, C.B.	CASTRO DE REI (LU)	+1179	102	8	0,06	5	0,02	0,51	0,54	0,65	103
CARLOS IGLESIAS CARREIRA	TRABADA (LU)	+1178	109	7	0,04	-1	-0,05	0,92	0,84	1,10	104
NAR-XOSE,SDAD.COOP.GALEGA	RIBADEO (LU)	+1177	268	6	-0,04	9	0,01	0,18	0,45	0,47	100
JOSE FERNANDEZ VAZQUEZ	TABOADA (LU)	+1177	281	8	-0,03	9	0,00	0,20	0,45	0,59	101
GRANXA VILARIÑO,SAT 985 XUGA	FRADES (C)	+1176	82	9	0,06	6	0,04	0,57	0,49	0,42	102
GRANXA RIVEIRA, S.C.	ARANGA (C)	+1176	169	8	0,02	6	0,00	0,37	0,71	0,77	101
MANUEL FREIRE SIMANS	ROIS (C)	+1174	325	11	-0,01	9	-0,02	0,46	0,26	0,38	100
VEIGUEIRO SDAD.COOP.GALEGA	BARREIROS (LU)	+1172	278	7	-0,03	10	0,01	0,28	0,35	0,40	101
CASA DO CABO	PORTOMARIN (LU)	+1172	335	9	-0,03	6	-0,06	0,24	0,48	0,62	102
S.A.T. 913 XUGA O FONDAL ABOI	FRADES (C)	+1170	115	8	0,04	7	0,03	0,50	0,57	0,51	101
GRANJA REIJA	CASTROVERDE (LU)	+1170	131	10	0,05	7	0,04	0,30	0,53	0,60	102
S.A.T. XUGA 747 FONTELAS	ARZUA (C)	+1169	201	11	0,04	6	-0,01	0,44	0,55	0,67	101
S.A.T. SALCEDO 529 XUGA	RIBADEO (LU)	+1162	249	8	-0,01	9	0,01	0,17	0,40	0,33	100
COOP.DE ANTELANA	XINZO DE LIMIA (OU)	+1156	251	6	-0,04	7	-0,02	0,29	0,56	0,63	100
S.A.T. XUANEIRO 980 XUGA	A BAÑA (C)	+1154	157	7	0,02	4	-0,01	0,46	0,51	0,62	99
S.A.T. IGLESIAS 1040 XUGA	A BAÑA (C)	+1153	215	8	0,00	6	-0,01	0,28	0,58	0,44	101
SC QUINTIAN	O PARAMO (LU)	+1152	249	7	-0,03	8	0,00	0,47	0,33	0,50	101
GRANXA PORCAR, S.C.	A CAPELA (C)	+1148	158	10	0,05	10	0,06	0,01	0,19	0,27	100
SAAVEDRA Y CASTRO	PARADELA (LU)	+1146	302	11	0,00	11	0,01	0,24	0,22	0,10	102
LOPEZ TELLADO,GAN. MASEDA,S.C.	POL (LU)	+1145	360	7	-0,07	8	-0,04	0,19	0,41	0,34	100
CAS DE PEDRO	CARBALLEDO (LU)	+1144	76	8	0,06	5	0,03	0,59	0,58	0,64	102
CASA CAPON	CHANTADA (LU)	+1142	72	8	0,07	1	-0,01	0,79	0,56	0,76	103
S.A.T. BERLAI	GUNTIN (LU)	+1141	152	8	0,03	5	0,00	0,46	0,54	0,63	100
CASA XACOBE	LUGO (LU)	+1141	176	13	0,08	11	0,06	0,11	0,19	0,13	100
CASA CARBALLEIRA	GUITIRIZ (LU)	+1139	319	6	-0,07	9	-0,01	0,04	0,25	0,38	100
NIEVES Y RAFAEL	FORCAREI (PO)	+1137	133	10	0,06	3	-0,01	0,45	0,59	0,73	100
S.A.T. PAREDES 1073 XUGA	A PASTORIZA (LU)	+1134	199	9	0,02	9	0,03	0,17	0,26	0,39	102
VILELO SDAD.COOP.GALEGA	RIBADEO (LU)	+1130	333	8	-0,05	10	-0,01	0,15	0,26	0,23	100
TUBIO	LOUSAME (C)	+1129	328	6	-0,07	7	-0,04	0,28	0,39	0,59	101
S.A.T. RIGUEIRO REY	A PASTORIZA (LU)	+1129	226	6	-0,03	6	-0,01	0,40	0,39	0,51	102
S.A.T.GANADERIA ARRIEIRO 1102	TOURO (C)	+1128	200	5	-0,02	6	-0,01	0,46	0,49	0,38	101
PAZ IGLESIAS,SDAD.CIVIL	CASTRO DE REI (LU)	+1128	244	6	-0,03	7	-0,01	0,43	0,35	0,42	99
GRANJA ULLOA	MONTERROSO (LU)	+1126	168	6	0,01	6	0,01	0,39	0,53	0,58	100
CARBALLO DE BAIXO	SARRIA (LU)	+1124	-2	10	0,12	2	0,02	0,35	0,70	0,82	101
GRANXA DO CANTEIRO	VIMIANZO (C)	+1123	168	6	-0,01	7	0,01	0,35	0,54	0,60	100
S.A.T. RIAL 1171 XUGA	SANTA COMBA (C)	+1122	61	6	0,04	3	0,02	0,42	0,62	0,74	100
BARRIO, S.C.	LUGO (LU)	+1121	238	13	0,04	8	0,01	0,04	0,27	0,35	101
CARBALLIDO	OUTEIRO DE REI (LU)	+1119	187	11	0,05	10	0,05	0,35	-0,10	0,16	97
CASA SUSAO	SARRIA (LU)	+1116	206	6	-0,02	7	0,00	0,29	0,35	0,27	100
VISPALIA, S.C.	VILALBA (LU)	+1114	65	8	0,06	3	0,01	0,43	0,47	0,61	103
EL RODINO	BOQUEIXON (C)	+1112	304	7	-0,04	7	-0,03	0,23	0,35	0,43	100
MIRAMONTES (A. MIRAMONTES F)	TORDOIA (C)	+1112	178	8	0,02	3	-0,04	0,56	0,47	0,58	101
CASA DEL VALLE	COSPEITO (LU)	+1112	81	9	0,08	8	0,06	0,33	0,23	0,29	102
EXP.CASA DOMINGUEZ, S.C.	TORDOIA (C)	+1109	179	7	0,01	2	-0,04	0,51	0,52	0,65	103
MANUEL SANCHEZ SANCHEZ	SANTIAGO (C)	+1109	274	13	0,04	9	0,01	0,15	0,03	0,20	102
S.A.T. GAN.O SALGUEIRO 1244 XUGA	TORDOIA (C)	+1107	52	5	0,03	3	0,01	0,49	0,63	0,76	101
LITO	POL (LU)	+1107	361	13	0,00	9	-0,03	-0,02	0,15	0,23	100
CASA FERNANDO S.A.T.1122 XUGA	TRAZO (C)	+1104	163	7	0,01	3	-0,03	0,09	0,71	0,67	101
CHUSCO, S.C.	RIBADEO (LU)	+1104	22	4	0,03	1	0,00	0,58	0,63	0,60	104
GANADERIA ANTELO,S.C.	ZAS (C)	+1102	91	7	0,04	4	0,02	0,56	0,39	0,55	102
DO CAMPO	CASTROVERDE (LU)	+1102	305	2	-0,10	9	-0,01	0,18	0,23	0,26	97

de 15 a 75 reproductoras

de 76 a 200 reproductoras

de máis de 201 reproductoras



ENFERMIDADES QUE NOS PREOCUPAN

# Infestacion por Neospora



Por Daniel Martínez Bello  
Veterinario e Director Técnico U.T.E. Bos

*Continuando coa sección de "ENFERMIDADES QUE NOS PREOCUPAN" abordaremos neste capítulo a infestación por Neospora. Mentres no caso do IBR ou da BVD falabamos de enfermidades producidas por virus, que por diferentes mecanismos poden pasar con suma facilidade dun animal a outro, neste caso o axente infeccioso é un parásito chamado "Neospora Caninum", que a pesar de non contaxiar de vaca a vaca por contacto, está considerada unha das principais causas de aborto e fallo reproductivo a nivel mundial, e cunha presenza moi importante tanto en Galicia (83,2% de explotacións con animais positivos en Galicia en 1999 según Quintanilla e col.) como en España. De coñecemento relativamente recente, os primeiros estudos de seroprevalencia datan de 1996, incluíndose nos nosos programas de control sanitario a partir do ano 1998.*


Existen multitude de parásitos e enfermidades parasitarias con mecanismos de transmisión ben diferentes entre si, pero cunhas características distintas ás infeccións causadas por virus ou bacterias que en xeral pasan dun animal a outro directa ou indirectamente pero sempre cunha forma e accións similares. Polo contrario a maioría dos parásitos teñen diferentes etapas no seu desenrolo e ás veces cada unha desas fases ten lugar en especies animais distintas, actuando de modo diferente en cada unha delas. Nas enfermidades parasitarias chámase "Hospedadores" ós animais que sufren a infección (infestación), diferenciando entre o "Hospedador definitivo" que é o animal (especie) que contén a fase adulta do parásito, a cal se reproduce e causa a eliminación de ovos ou partículas que infectan a outros animais; e o "Hospedador Intermediario" que é o que se infecta coas partículas eliminadas polo H. Definitivo, e que sofre as fases de desenrolo do parásito (as formas xuvenís ou larvas, e distintas formas quísticas). Dependendo do parásito que se trate e as especies implicadas os

efectos da enfermidade causada poden ter consecuencias para a saúde dun só dos tipos de hospedadores, ou dos dous. As formas xuvenís ou a veces quísticas eliminadas dalgunha forma por este H. Intermediario teñen que ser adquiridas por un novo H. Definitivo para desenrolar o resto das etapas ata reproducirse e cerrar o seu ciclo vital.

**"Neospora caninum"** é un parásito de tipo protozoo (Phylum Apicomplexa), unicelular, cun ciclo biolóxico moi característico que é preciso coñecer para comprender como se transmite e de que maneira debemos actuar para reducir o seu impacto na nosa explotación.

Ata hoxe coñécense dous hospedadores definitivos: o can e o coiote. No can dase a fase reproductiva do parásito de modo que elimina nas súas feces ovos do parásito chamados "**OOQUISTES**", os cales no ambiente sufren un proceso chamado "esporulación" e que ó ser ingeridos pola vaca produce a infestación. Son hospedadores intermediarios a vaca, outros ruminantes domésticos e silvestres, o cabalo e mesmo o can (pode ser h. Definitivo ou tamén Intermediario). Na vaca, que comeu os ooquistes esporulados, empezan a desenvolverse e danse dúas novas etapas de desenrolo da Neospora: o "**TAQUIZOITO**" que se multiplica moi rápido en diversos órganos durante a fase aguda da infección, actuando de modo intracelular e provocando unha resposta inmunitaria grande (importante para o diagnóstico da enfermidade, cando buscamos anticorpos); e o "**BRADIZOITO**" que se multiplica moi lentamente dentro de QUISTES incluídos nos tecidos da vaca, situados sobre todo no Sistema Nervioso Central e que se relacionan coa fase crónica da infección, provocando





Ciclo Bioloxico de Neospora Caninum. (Adaptado de Dubey, 1999)

moi baixa resposta inmune (moita importancia no diagnóstico). Os "TAQUIZOITOS" son os que atravesan a placenta e producen nela e no feto as lesións e consecuencias polas que é coñecida a neosporose. Dependendo da fase da xestación o efecto pode ser diferente: mentres no primeiro trimestre en xeral produce o aborto, no segundo trimestre produce tanto abortos como nacemento de animais con problemas (defectos conxénitos, débiles) ou tamén sanos pero infestados, e no último tercio da xestación pode causar tamén algúns abortos pero en xeral nacen animais sanos pero infestados.

Con independencia do momento da infección fetal, cando se produce a súa morte pode ser un tempo despois, e retrasarse tamén a súa expulsión ou darse a súa momificación, o resultado do cal e que se diagnóstiquen abortos

por *Neospora* o longo de tódalas fases da xestación, rexistrándose a maior incidencia entre os 5 e 6 meses.


Cando un can come textos infectados como restos de abortos (fetos, placentas) ou de partos, que conteñen as formas parasitarias presentes nos textos (quistes) dáse a seguinte fase de desenvolvemento do parásito, chegando a eliminar nas feces novos ovos do parásito (ooquistes), cerrando desta maneira o ciclo biolóxico da *Neospora*.

O feito de que se cerre este ciclo constitúe lóxicamente unha vía de transmisión desde unha 1ª vaca infectada a unha 2ª vaca a través dun can que contaminou a comida desta 2ª vaca. A isto chamámoslle "**Transmisión HORIZONTAL**", e este feito, aínda que está perfectamente documentado e demostrado, constitúe solamente un mecanismo importante

pero **menor** de transmisión da neosporose, xa que ocorre en moi poucos casos relativamente (pode ter importancia en determinados rebaños, etc).

O mecanismo con maior importancia para a propagación da enfermidade e que fixo que se chegase ós niveis de prevalencia actuais é a transmisión de nai a filla ou tamén chamada "**Transmisión VERTICAL**". Consiste en que as vacas que se infectan ó longo da súa vida (horizontalmente) e as que nacen xa infectadas (verticalmente), cando non abortan, paren novas crias infectadas que van transmitindo a infestación xeración tras xeración. As vacas portadoras que menos abortan e as que máis fillas deixan na explotación son as que máis contribúen a dispersión da enfermidade no rabaño e na poboación bovina en xeral. A miúdo a infestación no rabaño expresa un patrón de





Esquema das dúas vías de transmisión. (Adaptado de Dubey, 2006).

abortos repetitivos e moitas veces non afecta á fertilidade, pero no momento en que se da a entrada doutros axentes infecciosos (especialmente BVD) e/ou factores inmunodepresores ou estrés, pódense observar abortos en forma de brote (de maior repercusión, canto maior número de vacas portadoras teñamos).

Existe coñecemento doutras vías de transmisión confirmadas unicamente de xeito experimental (provocando as infestacións con fins de investigación), como a infección de xatos inxerindo calostro contaminado con taquizoitos, e tamén a infección de xovencas inseminadas con semen con taquizoitos. A importancia destas vías de transmisión en condicións de campo é moi baixa ou non coñecida.

## DIAGNÓSTICO

O capítulo de diagnóstico ofrece distintas posibilidades tanto pola gran cantidade de técnicas empregadas como polo obxectivo do estudo. Podemos investigar un aborto, un animal, ou un rabaño, e en cada caso recurriremos a metodoloxías diferentes.

En calquera caso é preciso dispoñer de tódolos datos clínicos e epidemiolóxicos dos animais. Non debemos esquecer que os abortos en xeral no gando vacún son o suceso que máis veces queda sen

diagnosticar a pesar dos esforzos empregados para elo e hai tamén que partir da idea de que solamente a presenza de Neospora non implica que sexa a causa dos abortos, e podería enmascarar outro axente infeccioso.

### DIAGNOSTICO INDIVIDUAL:

a) IN VIVO: o máis adecuado e usado é o diagnóstico "indirecto", buscando Anticorpos (defensas) no soro da vaca. No laboratorio dispónse de varias probas como a IFI (inmunofluorescencia indirecta) e o ELISA indirecto. No caso do ELISA (o máis empregado), o problema está en clasificar a mostra como positiva ou negativa. Por explicalo simplemente, o laboratorio mide un rango de reacción do soro estudado e debe adxudicar un límite que se chama "punto de corte" a partir do cal a mostra é considerada positiva (ven determinar o nivel de sensibilidade). Distintos ELISA teñen diferentes puntos de corte, e cada laboratorio debe fixar o seu, atopando o equilibrio entre demasiado sensible que daría falsos positivos, e pouco sensible que daría falsos negativos. Para isto utilizará a información dispoñible como as lecturas mais baixas dos casos coñecidos portadores, etc. Isto explica en parte as discrepan-

cias entre laboratorios.

Tamén é moi importante o feito de que os animais infectados de forma crónica presentan grandes variacións no nivel de anticorpos (Ac.) (o parásito está illado nos quistes e provoca escasa reacción). En xeral arredor dun aborto (xusto antes e despois) hai niveis altos de Ac., e noutros momentos da vida como de xovencas ou un tempo despois de abortar, os Ac. baixan ata niveis non detectables no laboratorio (quedan por debaixo do punto de corte), e obteñen resultado de (falso) Negativo. Isto explica en parte as discrepancias entre dúas análíticas realizadas pasado un tempo.

- b) **DIAGNÓSTICO NO FETO ABORTADO:** o máis recomendable é enviar ó laboratorio o feto completo máis a placenta, o máis rápidamente posible. Aplicarán técnicas de diagnóstico con diferentes tecidos (métodos directos e indirectos) e tamén o examen microscópico para determinar que as lesións correspondan coas que produce a Neospora. Non só se trata de demostrar a súa presenza se non, se foi ou non a causa.

### DIAGNÓSTICO A NIVEL

#### DE RABAÑO:

É preciso analizar o soro de tódolos animais da explotación. Unha vez coñezamos cales son as portadoras e cales as libres debemos estudar:

- a) A relación entre positividade e aborto: é dicir canto máis abortan as vacas positivas que as negativas. En xeral pode ser máis do dobre, e pode aumentar moito en función de factores da explotación (cando hai brotes, etc).
- b) A coincidencia de positividade nas familias de vacas, é dicir a asociación entre positividade de nais e fillas (de forma ideal obtendo a mostra das xatas antes da toma do calostro). Se



o patrón é perfecto neste sentido, sabemos que só temos transmisión vertical, e pola contra se atopamos vacas positivas sen relación de parentesco, estaremos ante un caso de transmisión horizontal. Debe poñerse especial coidado neste estudo debido a complexidade de detectar á perfección as portadoras. Moitas veces será preciso repetir o mostreo pasado un tempo ata ter unha idea clara da situación real.

\*É preciso analizar os animais que incorporemos, e hai que ter moi en conta a posibilidade de falsos negativos, polo que necesitaremos repetir as análíticas máis adiante, ou ter acceso ás probas da nai, ou irmás, avoa, etc do animal, (posible en explotacións que fagan este control).

Tamén se desenrolaron ELISAs para detección de Ac. en tanque de leite e incluso a nivel individual, que poderán facilitar o seguimento das explotacións unha vez estén ben estudadas coa analítica de tódolos animais.

### AS MEDIDAS DE CONTROL

Ó igual que describiamos nos artigos sobre IBR e BVD, as medidas de BIOSEGURIDADE en xeral que debemos priorizar na explotación fanse tamén moi útiles tanto para a prevención como cara o control da Neospora, o cal redunda na vantaxe deste tipo de medidas que nin siquera en tódolos casos supoñen un investimento senon simplemente cambiar procedementos de manexo e hixiene, polo cal é moi importante lograr un alto grao de concienciación.

#### MEDIDAS HIXIENICAS:

**Control dos cans:** numerosos estudos relacionan a presenza de cans nas explotacións (incluso por rexións) co nivel de seropositividade a Neospora das vacas. Hai que ter claro que non serve de nada librarse dos cans da casa se non cortamos a posibilidade de que os alimentos e incluso a

auga das vacas cheguen a contaminarse por calquera can. Neste capítulo o mellor que se pode facer é dispoñer de cercados apropiados que impidan a entrada de cans propios ou alleos ás zonas de almacenaxe dos alimentos e ós pesebres: can de palleiro si, pero non na palleira.

**Control dos restos placentarios e fetais:** os cans contaxian a neospora si se contaminaron previamente. Debemos evitar que teñan acceso ás placentas e outros restos para evitar que se infecten. Do mesmo modo non é recomendable que outras vacas poidan comer unha placenta contaminada. Estos residuos deben ser eliminados da forma mais inmediata e segura posible.

**Control de roedores:** sábese que poden conter a Neospora e servir de reservorio para os cans. Ratas e ratos son capaces de transmitir gran catidade de enfermidades polo que debemos dotarnos dunha estratexia de loita con controis periódicos e regulares.

#### MEDIDAS EN REPRODUCCION E RECRÍA:

- 1) Inseminar as vacas portadoras con semen de razas cárnicas: proposto desde un principio como un xeito de **non recrír das vacas con Neospora**, parece demostrado que ademáis abortan menos, e en particular nun estudo realizado en España por López-Gatius e col., as vacas positivas inseminadas con Limusín abortaron hasta un 20% menos comparadas coas inseminadas con frisón (e tamén menos que as inseminadas con outras razas cárnicas).
- 2) Transferencia Embrionaria: debemos seleccionar escrupulosamente as receptoras nas que transferir os embrións, asegurando sempre que estén libres do parásito. Pola contra se temos vacas de alto valor xenético, que son positivas a Neospora, podemos producir embrións con elas e transferilos a receptoras negativas para obter descendencia libre do parásito.

#### MEDIDAS DE SELECCIÓN SACRIFICIO:

O feito de seren positivas á Neospora é un punto máis na valoración para o sacrificio de cada animal. A decisión de eliminar a infección do rabaño sacrificando as positivas dependerá do nivel de seropositividade que atopemos, e o grao de problema que esté a causar (relación cos abortos, ou non). Se o nivel é alto, temos a opción de eliminar unicamente as que abortan, etc. En calquera caso débese optar por facer un seguimento da explotación e non recriar das vacas positivas.

Debido o comportamento da infección crónica con respecto ós resultados analíticos, nas explotacións que controlamos consideramos positivas ou portadoras de Neospora tódalas xatas nadas de nais, ou de familias identificadas previamente como portadoras, independentemente de que den negativo nalgún test realizado, o cal é relativamente común nas xatas, antes do seu parto.

### en resumo:

A infestación por Neospora supón un problema serio, pese a que a principal vía de transmisión é de nais a fillas, sendo unha importante causa de abortos. Para o seu control servirémonos de medidas xerais de hixiene e moi en particular a nivel dos alimentos das vacas, os restos placentarios e fetais, completo illamento dos cans, xunto cun seguimento serolóxico anual da explotación para a detección de novos casos, e por suposto o control das entradas de gando na explotación. Á hora do diagnóstico faise imprescindible establecer un diálogo fluído co laboratorio de cara a esclarecer os casos de análíticas con resultados dispares que poden ter a súa orixe no estado da infección nese momento ou nas características das analíticas que non sempre son comparables.



# Vacas estrela

## criadas ou propiedade de gandeiros galegos

Coa concesión destes títulos, e o igual que algunhas das Asociacións que xestionan os Libros Xenealoxicos dos países máis prestixiosos en xenética no mundo, Conafe quere recoñecer, por un lado, ás nais de vacas que combinan á vez unha alta produción, unha conformación superior e unha adecuada lonxevidade, e por outro, recoñecer e valorar a aqueles gandeiros que conseguiron criar un número importante destas vacas superiores.

Número	NOME DA VACA	Estrelas	TITULO	XENEALOXÍA	PROPIETARIO
ESPH9201028962	BOS MERRILL CURUXA ET	6	VMO*	MERRILL x BLACKSTAR	UTE DE BOS
ESPH2701122073	ALTAGEN ASTRE SALENA	4	VMO*	ASTRE x SOUTHWIND	GRANJA GAYOSO CASTRO
ESPH9201142969	BOS ASTRE AGRA ET	3	VMO*	ASTRE x CLEITUS	ALMENDROS HOLSTEIN, S.L.
ESPH9201054596	BOS LINDY MERA ET <sup>1</sup>	3	VMO*	LINDY x AEROSTAR	UTE DE BOS
ESPH5000665075	ALBAPROGET BETH AEROSTAR ET <sup>1</sup>	3	VMO*	AEROSTAR x CHIEF MARK	OUTEIRO,C.B.
ESPH2700809135	AEROSTAR LOTTE <sup>1</sup>	3	VMO*	AEROSTAR x LYLEHAVEN	GANADERIA PENA
ESPH1500941383	GN TUSKA BLACKSTAR INFANTA <sup>1</sup>	3	VMO*	BLACKSTAR x GOLDEN OAK	LANDEIRASDAD.COOP.GALEGA
ESPH2701280758	750	2	VE	BESNE BUCK x TILKY BELL	S.A.T. PEDROLAS
ESPH2701228232	ROMANTICA NOVO MASON	2	VE	MASON x SUPREME	NOVO
ESPH2701127033	SETENTA Y OCHO	2	VE	SOUTHWIND x TRIPLE RED	S.A.T. VILAR-ALAXE
ESPH2700902673	LINDY TONY <sup>1</sup>	2	VE	LINDY x MARS	GANADERIA PENA
ESPH2700687566	PERRELOS MANDY ET	2	VE	AEROSTAR x ELEVATION	PERRELOS
ESPH1501268317	BOS STORM XEBRA ET <sup>1</sup>	2	VEE	STORM x MASCOT	UTE DE BOS
ESPH1500832384	INSPIRATION BEIRA MALLA <sup>1</sup>	2	VE	INSPIRATION x DESCONOCIDO	NUVEIRA
ESPH1500548103	PURI	2	VE	MARATHON x SEEKÖNIG	EL PUMAR
ESPH9200767429	BOS THOR TAMEGA ET	1	VEE	THOR x CLEITUS	S.A.T. VILAR-ALAXE
ESPH3600703460	DIANA 2	1	VE	INSPIRATION x SCOUT	JOSE PAZOS GARCIA
ESPH3600599146	CARBALLEIRAS JUBILANT ARANDA	1	VE	JUBILANT x PREMIER	S.A.T. CARBALLEIRAS
ESPH2701474339	EURO RUDOLPH NAR XOSE ET <sup>1</sup>	1	VE	RUDOLPH x DOMBINATOR	NAR-XOSE,SDAD.COOP.GALEGA
ESPH2701429406	MASEDA BELLWOOD <sup>1</sup>	1	VE	BELLWOOD x JUROR	LOPEZTELLADO,G.MASEDA,S.C.
ESPH2701281951	ALTAGEN RUDOLPH MYSTRI ET	1	VEE	RUDOLPH x LINDY	GANADERIA PENA
ESPH2701126520	SUSI CONVERSE ZAIRA	1	VE	CONVERSE x LINDY	CASTRO
ESPH2701122069	ALTAGEN JED RAVEEN ET	1	VEE	JED x MATTADOR	GRANJA GAYOSO CASTRO
ESPH2700808937	SEIJO GRAND ALCOBA <sup>1</sup>	1	VE	GRAND x WARDEN	S.A.T. GAND.SEIJO 860 XUGA
ESPH2700789286	GRANDEBOMBVALHALLAKASSANDR	1	VE	VALHALLA x DESCONOCIDO	S.A.T. GRANDE
ESPH2700552242	LELA	1	VE	STARBUCK x DESCONOCIDO	CARLOS IGLESIAS CARREIRA
ESPH1501029370	AAFKE 91	1	VE	NEDERHORST 79 x LINDE ALFRED	CORTIÑA
ESPH1500827422	MACARENA AEROSTAR 66 <sup>1</sup>	1	VE	AEROSTAR x CER	O PETON
ESPH1500770206	SUMEIRO NATACHA CAMARO <sup>1</sup>	1	VE	CAMARO x ECLIPSE	VILASUSOSDAD.COOP.GALEGA
ESPH1500533815	LAICA DA VIDUEIRA INSPIRATION	1	VE	INSPIRATIONxHAMLETPRILLYR.W.	GRANXA VIDUEIRA, S.C.

(\*) VMO: Vaca Medalla de Ouro: este título concédeselle ás vacas que posúen 3 ou máis estrelas.

(1) Vacas que engaden estrelas nesta última avaliación - Xullo 2006



# Libro Xenealóxico

## da Raza Frisona

### 1. Ganaderías de alta no Libro Xenealóxico

Os requisitos que deben cumprir as explotacións para inscribirse e manterse de alta no Rexistro Xenealóxico son:

- Inscribir no Libro Xenealóxico a **TODOS** os seus animais.
- Manter, salvo casos de forza maior, uns efectivos gandeiros de, polo menos, dezasete reproductoras (femias de máis de 2 anos).
- Realizar o Control Leiteiro Oficial á totalidade das reproductoras e cumprir cos requisitos esixibles ás explotacións que se adhiren a Control Leiteiro.

### 2. Calificación

Para que as avaliacións xenéticas sexan o máis precisas posible, é necesario valorar tódalas fillas dun semental inscritas no Libro Xenealóxico. Por elo, ademais de realizarlles o Control Leiteiro e, dacordo co que establece o Regulamento do Libro, recordamos a tódolos socios a OBRIGATORIEDADE de cualificar (se é posible en primeiro parto) tódalas vacas da explotación.

### 3. Inscripción de animais

#### 3.1 Prazo de Rexistro

O prazo máximo para rexistrar animais, pola vía Declaración de Nacementos, é de 3 meses posteriores ó nacemento. No caso de devolucións, o prazo máximo para corrixir erros ou engadir datos é de dous meses, a partir da data da súa devolución. Transcorrido este prazo, esixírase unha proba de paternidade ou serán inscritos no Rexistro Auxiliar "Categoría A",

#### 3.2 Animais procedentes

##### de Transplante Embrionario.

Para rexistrar animais procedentes de Transplante Embrionario é necesario remitir á oficina de Rexistro, a seguinte documentación:

- Probas de Paternidade da Doante (se non foran remitidas con anterioridade).
- Certificado da recolleita na que consten tódolos datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recolleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así como os datos de quen a realizou.
- Certificado de Transplante na que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.
- Declaración de Nacemento do animal debidamente cumprimentada, facendo constar que procede de Transplante Embrionario así como o C.I.B. da receptora.

#### 3.3 Rexistro de machos

A partir do 1 de Xaneiro de 2007 será preceptivo o realizar probas de filiación (nai e pai) a tódolos machos que se rexistren para ser utilizados como sementais. O incumprir esta norma, suporá que toda a descendencia de ditos sementais, sexa inscrita no Rexistro Auxiliar A.

Co obxecto de poder dar cumprimento a esta obriga e ó mesmo tempo, respetar os prazos de Rexistro que marca o Regulamento do Libro procederase como segue:

1º) Cubrir e remitir a oficina de Rexistro a declaración de nacemento do becerro.

2º) Dende Fefriga emitírase e enviarase o correspondente Certificado de Rexistro no que figurará o seguinte:

**REXISTRO PROVISIONAL**  
Pendente de probas de filiación

3º) Antes de que o xato empece a cubrir, o seu propietario deberá realizalas probas de filiación (pai e nai) e ter remitido o certificado de compatibilidade (orixinal) que emite o Laboratorio xunto co certificado de Rexistro (provisional) a Fefriga, quen, cos mesmos procederá a dar de Alta definitiva o animal e emitirá (sen coste para o gandeiro) un novo Certificado de Rexistro (o definitivo).

### 4. Tramitación de documentación

Os documentos e solicitudes que se presenten para a inscrición de animais no rexistro, fusión de explotacións, as transferencias de animais, a actualización de censos, as modificacións de conta e/ou de domicilio social, etc. deben obrigatoriamente, estar asinados polo solicitante. Igualmente, deberá estar cumprimentada a data en que se realiza esta solicitude.

As Declaracións de Nacementos deberán ser remitidas debidamente cumprimentadas. A falta do nome ou número de rexistro dalgún dos pais, ou calqueira outro dato, dará lugar á devolución da documentación.



## Lotes de embrións

A fin de promocionar e dar a coñecer o Programa de Transferencia Embrionaria que a Consellería do Medio Rural e Fefriga desenrolamos en Bos e á vez poñer á disposición dos nosos asociados a xenética producida na U.T.E., o vindeiro día 18 de Xaneiro ás 10:00 horas poñeremos á venda en INTERNET, e a un precio moi especial, 30 lotes de embrións. Se estás interesado, podes consultar a nosa páxina web [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com) ou poñerte en contacto con nós en:

### Fefriga

Tfno.: 981 573 775 – 981 573 879  
[www.fefriga.com](http://www.fefriga.com)

### UTE Bos

Tfno.: 981 795 041  
[www.fefriga.com/utebos](http://www.fefriga.com/utebos)

### RECORDA:

**O 18 DE XANEIRO DE 2007  
A PARTIR DAS 10:00 DA MAÑÁ.**

## Xornadas científicas

O pasado 27 de Outubro desenrolouse na U.T.E de Bos un Curso Práctico de Transferencia Embrionaria, o que asistiron 8 profesionais veterinarios. Este curso encádrase dentro dun ciclo de cursos de periodicidade bimensual que FEFRIGA ven desenvolvendo desde finais do 2004 no seu afán divulgador da Transferencia Embrionaria.

FEFRIGA leva a cabo estes cursos coa colaboración das empresas Laboratorios Fatro-Uriach e Minitub Ibérica, xunto coa Facultade de Veterinaria de Lugo e o Ilustre Colexio de Veterinarios da Coruña, quenes expenden un título acreditativo da asistencia o mesmo, e son impartidos polos veterinarios integrantes do equipo da U.T.E. de Bos, Daniel Martínez Bello e Ismael Fernández Sanchez.

Se ben a meirande parte dos asistentes son veterinarios de Galicia, e habitual contar coa presenza de profesionais doutras comunidades autónomas e mesmo doutros países. Nesta ocasión, ademais de 6 veterinarios que desenvolven a súa labor en Galicia, sumáronse dous profesionais do Centro de Investigación y Tecnología Animal do

Instituto Valenciano de Investigaciones Agrarias, consolidando a U.T.E de Bos como centro de referencia en España en materia de Transferencia Embrionaria, e que ven sendo de elección para aqueles profesionais que queren iniciarse neste tema.

Como ven sendo habitual nestas xornadas formativas comenzouse cunha sesión teórica, seguida dunha práctica de laboratorio, para o que contamos coas instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo (aulas). A continuación fíxose unha visita a Unidade de Transferencia de Embrións de Bos, e por último unha sesión práctica na ganadería UGASMA S.C., de San Martín de Andabao, en Boimorto, onde os asistentes tiveron oportunidade de transferir embrións nun grupo de animais previamente preparado para o curso.

Con esta actividade preténdese divulgar o coñecemento da técnica e as súas aplicacións, entre os veterinarios adicados o gando vacún co obxectivo de que os gandeiros dispoñan de mais profesionais que poidan prestar este servizo de Transferencia Embrionaria dun xeito mais cercano, de cara a que se aumente o nivel de uso desta tecnoloxía na nosa comunidade como ferramenta de mellora xenética.





# Todos os que formamos a Federación Frisona

Galega desexámoslle un

# Bo Nadal !!



Data	Data	Evento	Lugar
22-mar-07	25-mar-07	XX CONCURSO NACIONAL DE PRIMAVERA CONAFE '07	FIRA DE MOLLERUSA - LLEIDA
03-mar-07	03-mar-07	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA	CASTRO DE REI - LUGO
31-mar-07	01-abr-07	XXI CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '07	MOEXMU - COSPEITO - LUGO
14-abr-07	14-abr-07	IXSUBASTADENOVILLASDERAZAFRISONASANTACOMBA'07	SANTA COMBA - A CORUÑA
29-abr-07	29-abr-07	POXA EN MONTERROSO	MONTERROSO - LUGO
02-jun-07	02-jun-07	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA	CASTRO DE REI - LUGO
13-jun-07	17-jun-07	30ªEDICIÓNFERIAINTERNACIONALSEMANAVERDEDEGALICIA	SILLEDA - PONTEVEDRA
		XVI CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '07	
		XIX CONCURSO INTERNACIONAL DE FRISÓN SEMAVERDE '07	
		XXIII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES SEMAVERDE '07	
		VII CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA '07	
		MENCIONES HONORÍFICAS	
		XI SUBHASTA TOP-BOS	
30-jul-07	01-ago-07	XXI ESCOLA DE XUICES GANDEIROS FEFRIGA '07	
03-sep-07	07-sep-07	III ESCOLA DE XÓVENES MANEXADORES FEFRIGA '07	GUÍSAMO - BERGONDO - A CORUÑA
27-sep-07	30-sep-07	XIX CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '07	FERIAINT.DEMUESTRASDEASTURIAS-GIJÓN
04-oct-07	07-oct-07	EXPOLUGO - EXPOSICIÓN DE GANDO FRISÓN	
27-oct-07	28-oct-07	XVI CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '07	CHANTADA - LUGO
03-nov-07	03-nov-07	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA	CASTRO DE REI - LUGO
16-dic-07	16-dic-07	POXA EN MONTERROSO	MONTERROSO - LUGO





**As vacas de BOS comen piensos...**

**NUDESA**



NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

Tfno.: 986 58 12 00